


CUMIEIRA

Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega

Departamento de Filoloxía Galega e Latina

Vol. 10 - 2025

Xosé A.
Fernández Salgado
(ed.)



Universidade de Vigo

Departamento de
Filoloxía Galega e Latina

CUMIEIRA

*Cadernos de investigación
da nova Filoloxía Galega*

Vol. 10 - 2025

Xosé A. Fernández Salgado (ed.)

Departamento de Filoloxía Galega e Latina

UNIVERSIDADE DE VIGO

Cumieira : Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega. Vol. 10/Xosé A. Fernández Salgado (ed.). -- Vigo: Universidade de Vigo, Departamento de Filoloxía Galega e Latina, 2025

184 p.; 24 cm

D.L. VG 620-2025

ISBN: 978-84-1188-083-1

1. Filoloxía Galega. I. Fernández Salgado, Xosé Antonio, ed. lit. II. Universidade de Vigo, Departamento de Filoloxía Galega e Latina, ed.

© Departamento de Filoloxía Galega e Latina (Universidade de Vigo)

© Xosé A. Fernández Salgado, Sandra Comesaña Pires, Natalia Otero Oubiña, Ariel Quintela Sesar, Olalla Vizoso González, Silvia Miguélez Trabazos

© Xosé A. Fernández Salgado (ed.)

Revisión científica do volume 10:

Xosé-Henrique Costas González (UVigo), Benigno Fernández Salgado (UVigo), Alexandre Rodríguez Guerra (UVigo) e Xosé A. Fernández Salgado (UVigo)

Maquetación: Xosé A. Fernández Salgado

Deseño da portada: Tania Sueiro (Área de Imaxe da Universidade de Vigo)

Edición:

Departamento de Filoloxía Galega e Latina da Universidade de Vigo
Facultade de Filoloxía e Tradución
Campus das Lagoas-Marcosende - 36310 Vigo

Impresión: Gráficas Muriel

Dep. Legal: VG 620-2025

ISBN: 978-84-1188-083-1

CUMIEIRA. Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega aparece recollida nas bases de datos DIALNET e BILEGA, no *Catálogo Italiano dei Periodici* ACNP (Università di Bologna), en *Linguistic Bibliography* e Brillonline de BRILL e na *Linguistic Open Access Journals*, compiled by Jan Szczepanski.

Índice/Index

- 9** Limiar /
Introduction
- 11** XOSÉ A. FERNÁNDEZ SALGADO
Dez anos de Filoloxía Galega na revista *Cumieira* (2016-2025) /
A Decade of Galician Philology in the Journal Cumieira (2016-2025)
- 39** SANDRA COMESAÑA PIRES
Estratexias e retos das familias na transmisión e mantemento do galego
en Vigo / *Strategies and Challenges of Families in the Transmission and
Maintenance of Galician in Vigo*
- 61** NATALIA OTERO OUBIÑA
Galego e castelán en contacto no audiovisual de Galicia: o caso da serie
Fariña / *Galician and castilian languages in touch on the Galicia's
audiovisual industry: the case of series Fariña*
- 107** ARIEL QUINTELA SESAR
Bases para un dicionario LGBT+ Galego / *Basis for a Galician LGBT+
Dictionary*
- 139** OLALLA VIZOSO GONZÁLEZ
Variación lingüística nos concellos de Tui e Tomiño: as variantes
relacionadas co seseo / *Linguistic variation in the municipalities
of Tui and Tomiño: the variants related to seseo*
- 177** Recensións / *Reviews*
Costas, Xosé-Henrique (2025): *A fala de Vigo*. Vigo: Área de Normalización
Lingüística da Universidade de Vigo / Concello de Vigo / Faladoiros Vigo
por SILVIA MIGUÉLEZ TRABAZOS
- 179** Autoras e autores de *Cumieira*, Vol. 10 /
Cumieira's authors
- 180** Normas para o envío de orixinais /
Manuscript submissions guidelines. Information for authors

BASES PARA UN DICIONARIO LGBT+ GALEGO

Basis for a Galician LGBT+ Dictionary

Ariel Quintela Sesar

Universidade de Vigo

ariel.quintela.sesar@alumnado.uvigo.gal

DOI: <https://doi.org/10.35869/cumieira.v10.25.4>

Resumo: Partindo dos principios da Teoría Comunicativa da Terminoloxía, levamos a cabo un traballo terminolóxico que sirva como base para a elaboración dun dicionario de temática LGBT+ galego monolingüe dirixido a un público xeral. Primeiramente, elaboramos un corpus conformado por catro libros divulgativos en lingua galega de temática LGBT+, de recente publicación, que consideramos representativos, e propomos unha estrutura conceptual para guiar a recollida dos termos. A partir deste corpus, recompilamos os termos LGBT+ presentes e rexistrámoslos nunha base de datos. En cada rexistro recóllense os datos que poderán aparecer logo na microestrutura do dicionario. Ademais, procuramos as definicións que se ofrecen dos termos en dicionarios xerais e en obras especializadas para que nos sirvan de guía. Logo, sistematizáronse os termos mediante unha análise lingüística, sobre todo morfolóxica e semántica, para podermos dar conta dos procesos de formación de novas palabras e de novos significados que se nos presentan nesta terminoloxía.

Palabras chave: lexicografía especializada, terminoloxía, estudos de xénero, estudos *queer*.

Abstract: Based on the principles of the Communicative Theory of Terminology, we carried out terminological work to serve as the basis for the creation of a monolingual Galician dictionary on LGBT+ topics aimed at a general audience. First, we compiled a corpus consisting of four recently published popular science books in Galician on LGBT+ topics that we considered representative and proposed a conceptual structure to guide the collection of terms. From this corpus, we extracted LGBT+ terms and recorded them in a database. Each entry includes data that may later appear in the dictionary's microstructure. Additionally, we searched for definitions of the terms in general dictionaries and specialized works to use as a reference. Then, we systematized the terms through linguistic analysis, particularly morphological and semantic, to examine for the processes of word formation and the development of new meanings within this terminology.

Keywords: specialized lexicography, terminology, gender studies, queer studies.

CUMIEIRA. *Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega*

Dpto. de Filoloxía Galega e Latina, Universidade de Vigo

Vol. 10, 2025, pp. 107-138, ISBN: 978-84-1188-083-1

107

1. Introducción¹

O presente traballo terminolóxico recompila e clasifica os termos específicos da temática LGBT+ en lingua galega e ten como obxectivo principal a elaboración dun dicionario LGBT+ galego monolingüe dirixido a un público xeral, para facilitar a consulta destes termos e a súa normalización, así como establecer a estrutura conceptual do campo temático.

Nos últimos anos, en Occidente, fíxose cada vez máis visíbel a loita polos dereitos das persoas LGBT+, o que chegou até mudanzas legislativas importantes como as diferentes leis do matrimonio igualitario, entre as que podemos destacar, no Estado español, a Lei 13/2005, do 1 de xullo, pola que se modifica o Código Civil en materia de dereito a contraer matrimonio; a Lei 4/2023, do 28 de febreiro, para a igualdade real e efectiva das persoas trans e para a garantía dos dereitos das persoas LGTBI; ou tamén, na Galiza, a Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia.

Todos estes avances legislativos foron froito de anos e anos de loita activista nas rúas. Para o caso específico da Galiza, que non é ningún caso illado, pódense consultar dous libros de divulgación recentes: o de Ferrández Pérez (2022), que fai unha cronoloxía da historia LGBT+ en xeral na Galiza contemporánea, e o de Garrido López e Ferrández Pérez (2023), sobre o movemento LGBT+ galego organizado.

A maior visibilidade e socialización do colectivo LGBT+ que se deron como consecuencia destes avances provocou que hoxe estean na linguaxe común unha serie de termos novos de temática LGBT+ que non aparecen nos dicionarios xerais de lingua galega. Por isto, este traballo pretende recompilar todos estes termos, ou os máximos que se poida dentro das súas limitacións.

2. Encadramento teórico

Aínda que en galego non hai até o momento unha obra especializada de terminografía LGBT+, existen algúns glosarios e vocabularios feitos desde o activismo, entre os que podemos destacar o glosario que aparece no final de *Aturuxos de liberdade* (Garrido López/Ferrández Pérez 2023: 77-84). Ademais, tomamos como referencia tamén os

¹ Este artigo é froito da investigación levada a cabo durante o Traballo de Fin de Grao (TFG) do Grao en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios da Universidade de Vigo. Quero agradecer aquí a valiosa axuda do profesor Xosé María Gómez Clemente, así como ás persoas autoras dos libros empregados para o corpus por me cederen os seus textos.

dicionarios existentes de linguas próximas, entre os que salientamos *El cancaneo* (Pereda 2004), en español, e o *Diccionari LGBT* (Breu 2024), en catalán. Interésanos especialmente este último por estar feito cunha metodoloxía lingüística.

Canto á teoría terminolóxica, encadrámonos na Teoría Comunicativa da Terminoloxía (TCT) proposta por Cabré (1999). Sobre todo, temos en conta os principios expostos no artigo «Una nueva teoría de la terminología: de la denominación a la comunicación» (1999: 109-127). Seguindo esta teoría, o primeiro que temos que ter en conta é que a comunicación especializada non é independente da comunicación xeral. Unha mesma persoa pode facer uso dunha linguaxe común ou dunha linguaxe especializada dependendo do contexto. Isto non quere dicir que ambos os sistemas sexan independentes, senón todo o contrario: as unidades terminolóxicas son unidades léxicas da mesma lingua que se utiliza na comunicación xeral, só que adquiren carácter terminolóxico ao seren empregadas nun discurso de especialidade. Isto lévanos a unha das claves da TCT, que é a poliedricidade propia das unidades terminolóxicas. A mesma unidade pode converterse en termo dunha especialidade ou doutra, ou de varias, polo seu uso.

Tamén nesta liña, outra idea clave é que o hábitat natural dos termos son os discursos de especialidade, tanto orais como escritos, polo que de aí debemos partir. Ademais, un traballo terminolóxico, desde a perspectiva da TCT, debe non só describir e sistematizar os termos desde un punto de vista gramatical e semántico, senón tamén dar conta de como se usan no discurso a nivel pragmático. E cabe destacar tamén que debemos prestar atención á implantación social dos termos, alén da súa normalización.

Logo, xa canto á teoría do eido obxecto de estudo, basearémonos nos postulados da teoría queer, enmarcada no postestructuralismo, cuxa máxima expoñente é Butler (2007) e que se recolle ben no encadramento teórico do artigo de Jorge Rodríguez (2023), segundo os cales xénero e sexo son as dúas caras dunha construción social imposta polo patriarcado mediante a que se nos clasifica en dúas categorías estancas durante o proceso de socialización. Estas categorías, seguindo esta teoría, deben ser entendidas como posicións sociopolíticas nun determinado sistema, algo que deberemos ter presente á hora de definir os termos. E tamén sería conveniente ter en conta que, dado o carácter cultural do xénero, a terminoloxía que imos describir é válida na nosa realidade cultural actual, que se encadra na macrocultura occidental contemporánea. Isto é importante porque de fixarnos tamén noutras culturas, sexan actuais ou doutras épocas, poderíamos atopar con sistemas de xénero diferentes do noso que nos complicarían demasiado o traballo.

3. Metodoloxía

Basearémonos para este traballo na proposta metodolóxica exposta en «Hacia una teoría comunicativa de la terminología: aspectos metodológicos» (Cabré 1999: 129-150). Neste artigo establécense catro fases para un traballo terminolóxico: definición do traballo, elaboración do plan de traballo, recompilación e análise das unidades terminolóxicas e, finalmente, a presentación do traballo. Debemos resaltar que, tal como se sinala neste artigo, a metodoloxía da TCT ten como idea central o suposto de adecuación, polo que debe ser flexíbel e adaptarse a cada traballo; así que explicaremos polo miúdo no seguinte apartado os pasos que seguimos. Ademais, á parte dos propios postulados de Cabré, para a posterior elaboración do dicionario, teremos tamén en conta as directrices do manual de Porto Dapena (2002).

O corpus do noso estudo confórmano catro libros de divulgación en lingua galega de recente publicación sobre temática LGBT+: *Nós, xs inadaptadx*s (Amarelo 2020)², *A defunción dos sexos* (Ferrández Pérez 2022), *Aturuxos de liberdade* (Garrido López/Ferrández Pérez 2023) e *Rural e tradición, un fogar en igualdade* (Marey et al. 2023). Estes libros consideráronse representativos por seren escritos cun léxico especializado, mais estaren pensados para un público xeral e non para un profesional.

Creouse un corpus con estas obras no programa Sketch Engine³ e procedeuse a extraer os termos coa axuda da función «palabras clave», pondo como corpus de referencia o incluído no propio programa para lingua galega. Após a extracción automática, fíxose unha revisión manual e obtivéronse 588 formas. Temos que ter presente que o programa en galego non permite a agrupación por lemas e que se configurou a procura para que distinguese maiúsculas e minúsculas, para, por exemplo, poder comprobar logo a variación entre «lgbtfobia» e «LGBTfobia». Por isto, despois de discriminar manualmente as maiúsculas debidas á puntuación e os termos flexionados correspondentes á mesma palabra, ficaron 294 posíbeis candidatos para seren incluídos no noso dicionario.

A continuación, agrupáronse estes termos por campos semánticos e seleccionáronse os que se consideraron máis representativos da temática estudada, debido ás limitadas dimensións deste traballo, e que son os que aparecen na árbore de campo (véxanse os apéndices deste artigo), o que fixo que ficamos con 154

² Este libro está na chamada ortografía internacional do galego, polo que todos os termos extraídos del serán transcritos á ortografía oficial do galego (Real Academia Galega/Instituto da Lingua Galega 2012) por motivos pragmáticos.

³ Véxase <https://www.sketchengine.eu/>.

termos. Unha vez feita esta selección, creouse unha base de datos en Access cun rexistro para cada lema.

Logo, analizouse a procedencia e composición de cada termo. Nesta fase fíxose unha análise dos procesos de formación de palabras; tanto prefixación e sufixación como os acurtamentos, as siglas e os compostos; así como da incorporación de préstamos, as mudanzas semánticas que se establecen nesta terminoloxía e as unidades pluriverbais presentes.

Por último, usouse a función «concordancia» do Sketch Engine para procurar cada termo que se introduciu na base de datos e seleccionar un exemplo representativo, na medida do posíbel, de cada acepción atopada. Unha vez obtidos os exemplos, elaboráronse as definicións, para o cal se consultaron as definicións xa existentes, no caso de habelas, tanto nas obras especializadas mencionadas (Breu, 2024; Garrido López/Ferrández Pérez 2023; Pereda 2004) como en dicionarios xerais de galego (Alonso Estraviz *et al.* s.d.; González González 2012; Ir Indo Edicións 2013), de portugués (Porto Editora 2024; Priberam Informática 2023) e de español (Real Academia Española & Asociación de Academias de la Lengua Española [RAE & ASALE] 2024; Seco *et al.* 2024).

4. Resultados

4.1. Árbore de campo

Unha vez agrupados os termos en campos semánticos, estableceuse unha xerarquía entre eles tendo en conta as relacións mantidas, que resultou na árbore de campo que se mostra no Apéndice 1, a cal foi elaborada co programa Cmap Tools⁴. Para facer isto, intentouse non recorrer a termos non rexistrados na base de datos, aínda que nalgúns casos tiveron que ser incluídos termos xenéricos para poder facer unha agrupación mellor. Ademais, neste proceso tívose en conta como referencia a árbore de campo establecida por Breu (2024) para o seu dicionario.

Esta árbore estrutúrase en cinco campos semánticos: *desexo*, *identidade*, *diversidade sexual*, *sociedade* e *insultos*, os cales á súa vez se ramifican en diferentes subcampos. Os termos incluídos poden estar en negro, se son termos non rexistrados no corpus pero necesarios para dar nome a un campo semántico; en branco, se son termos rexistrados no corpus; ou en gris, se son termos rexistrados no corpus que,

⁴ Véxase <https://cmap.ihmc.us/>.

alén de pertencer ao campo semántico ao que están unidos cunha frecha, pertencen ao campo semántico das *discriminacións*, que é un campo transversal aos outros cinco. Ademais, con respecto ao campo dos *insultos*, este clasificouse con base no tipo de persoa ao que facía referencia o termo.

En canto ás ligazóns entre os termos, no medio das frechas aparece unha destas catro letras: *H*, se o termo do que provén a frecha garda unha relación hiperonímica co termo no que acaba a frecha; *M*, se esta relación é meronímica; *L*, se a relación é léxica; e *A*, se a relación é asociativa. No caso de que dun mesmo termo partan dous subcampos diferentes cos que ese termo mantén a mesma relación, ao lado da letra irá un número para diferencialos. Logo, cando aparece un par de termos xuntos no mesmo cadro, a súa relación é de derivación, como ocorre con «homosexual – homosexualidade». E ademais, se entre dous termos hai unha liña descontinua, esta implica unha relación de sinonimia.

4.2. Formación de palabras

Para as seguintes análises, basearémonos nas descricións dos procesos de formación de palabras da lingua galega que aparecen nas gramáticas de Álvarez e Xove (2002) e Freixeiro Mato (2006).

4.2.1. Prefixos

Neste apartado analizaremos os termos que se forman ao engadir un prefixo, polo que non teremos en conta aqueles termos que, aínda que conteñen un prefixo na súa morfoloxía, este non é o último morfema engadido para a súa formación, como ocorre con «transformista».

Na Táboa 1 móstranse os prefixos presentes na base de datos e os termos que nos serven de exemplo para ver os diferentes significados que adoptan estes prefixos. Ademais, como vemos, non facemos diferenza aquí entre os prefixos propiamente ditos, como por exemplo *a-*, e os elementos compositivos cultos que aparecen en posición inicial de palabra, como *hetero-*. Aínda sendo conscientes do debate teórico que implica categorizar estes segundos como prefixos e tratar polo tanto os termos formados con estes elementos como derivados e non como compostos (Álvarez/Xove 2002: 749-750), para os efectos deste traballo vese máis práctico tratar ambos os morfemas baixo a mesma categoría.

Prefixos	Significado	Termos
<i>a-</i>	‘negación’	<i>asexual</i>
<i>(cis)hetero-</i>	(‘deste lado’) ‘diferente’	<i>(cis)heterosexual</i>
<i>bi-</i>	‘dous’	<i>bisexual</i>
<i>pan-</i>	‘todo’	<i>pansexual</i>
<i>homo-</i>	‘igual’	<i>homosexual</i>
<i>cis-</i>	‘deste lado’	<i>cissexual/cisxénero</i>
<i>trans-</i>	‘do outro lado’	<i>transexual/transxénero</i>
<i>inter-</i>	‘entre’	<i>intersexual</i>
<i>endo-</i>	‘dentro de’	<i>endosexual</i>
<i>mono-</i>	‘un’	<i>monosexismo</i>

Táboa 1. Distribución dos prefixos.

Nestes termos, o prefixo mantén o seu significado orixinal: *a-* ‘negación’, *hetero-* ‘diferente’, *bi-* ‘dous’, *pan-* ‘todo’, *homo-* ‘igual’, *cis-* ‘deste lado’, *trans-* ‘do outro lado’, *inter-* ‘entre’, *endo-* ‘dentro de’, *mono-* ‘un’ (González González 2012). Diferéncianse estes doutros termos nos que aparece un elemento compositivo en posición inicial coa mesma forma que algún destes prefixos, xa que estes realmente proveñen do acurtamento dun destes termos.

4.2.2. Acurtamentos

No noso corpus rexístranse varios acurtamentos que funcionan como sinónimos das respectivas formas plenas e que coinciden en forma co prefixo da palabra da que proveñen, ao ser este a parte do significante que se mantén na forma acurtada.

Así, nun adxectivo como «bisexual» é usado o prefixo *bi-* como a súa forma acurtada, que pasa a constituír o adxectivo «bi», co mesmo significado que a palabra da que provén; e este acurtamento, á súa vez, pasa a ser unha base léxica nunha palabra composta como «bifobia». O mesmo ocorre con «hetero», «homo», «cishetero», «cis» e «trans», rexistradas todas como adxectivos no corpus.

O caso de «trans» é curioso porque se ve unha preferencia pola forma acurtada por cima do termo orixinal, xa que esta ten 266 resultados fronte aos 75 resultados de «transexual» ou aos só 5 de «transxénero». Esta preferencia pola forma acurtada explícase xa que «trans» é un termo paraugas que substitúe aos dous adxectivos identitarios dos que pode ser un acurtamento porque «a división entre persoas «transexuais» e persoas «transxénero» segundo se tiveron acceso a tratamento hormonal ou cirurxías é denunciada polo activismo como un xeito violento e clasista de xerarquizar as persoas trans» (Garrido López / Ferrández Pérez 2023: 83). Co acurtamento «cis» esta tendencia realmente non é tan clara, posto que a forma acurtada ten 11 resultados, a forma «cisexénero» ten 10 e a forma «cisexual» só 2, uns resultados que non poden extrapolarse por escasos, aínda que, ao ser «cis» antónimo de «trans», sería de esperar que seguise mesma lóxica por analoxía. No caso dos outro catro acurtamentos mencionados, estamos perante variantes minoritarias e hai unha clara preferencia pola forma plena.

Alén destas formas, aínda aparecen outros dous acurtamentos que non se corresponden en forma co prefixo da palabra da que proveñen, que son «cishet» e «intersex». No caso de «cishet», que provén de «cisheterosexual», ten un único resultado, polo que até é máis minoritaria que o acurtamento «cishetero», que ten 6 resultados. Tocante a «intersex», resulta curioso que non siga a mesma lóxica que os acurtamentos dos termos análogos, dado que colle até parte da raíz e non unicamente o prefixo. Posibelmente sexa un anglicismo, xa que *intersex* é a forma que se utiliza en inglés para *intersexual* (Collins, 2024). Con todo, tamén neste caso segue a ser unha variante minoritaria.

4.2.3. Sufixos

Neste apartado, ao igual que cos prefixos, só se teñen en conta aqueles que sexan o último elemento engadido á palabra na súa composición morfolóxica. Tampouco se terán en conta aquelas palabras sufixadas cuxa inclusión na terminoloxía LGBT+ se deba a unha mudanza semántica e non propiamente á sufixación, como ocorre con «transición», que serán analizadas posteriormente.

Como vemos na Táboa 2, os sufixos nominalizadores deadxectivais *-idade* e *-ismo* posúen varios significados e son os máis presentes no corpus. Dous deses significados son compartidos: ‘calidade de’ e ‘atracción por’. Todos os termos que se forman con un destes sufixos co significado de ‘calidade de’ forman parte do campo semántico das *identidades*. É excepción «transmaricabibollismo», que o metemos no campo dos *insultos*, mais non deixa de se referir a un conxunto de identidades, aínda que se incorpore a este campo por se formar sobre insultos reapropiados. O mesmo acontece

co sufixo *-ada* en «maricallada». Canto a *-idade* e *-ismo* co outro significado compartido, os substantivos resultantes fan todos referencia a *orientacións sexuais*.

Alén destes significados, os sufixos *-idade* e *-ismo* adoptan outros tres. Dous deles están ligados directamente ao de ‘calidade de’, que son o significado de ‘expresión de’ que adopta *-idade* nos substantivos «feminidade» e «masculinidade» e o significado de ‘ideoloxía de’ que adopta *-ismo* en «binarismo [de xénero]», «heterosexismo», «monosexismo» e «cissexismo». O terceiro significado é o que adopta *-ismo* en «transformismo» e «travestismo», onde xa non fai referencia a un tipo de ‘calidade’, senón a unha ‘actividade’. Neste caso, non é un sufixo deadxectivo, senón deverbal. Ademais, nos substantivos que se forman co sufixo *-ismo* co significado de ‘ideoloxía de’ e mais no substantivo «transformismo», teñen o seu adxectivo correspondente formado co sufixo *-ista*, que fai referencia á persoa ‘que apoia a ideoloxía de’ ou ‘que desempeña a actividade de’, respectivamente.

Entre os sufixos nominalizadores, temos tamén o sufixo deverbal *-ción* co significado de ‘acción de’ en «desarmarización». O curioso aquí é que non se rexistra no corpus «desarmarizar», que é o verbo do que derivaría este substantivo, aínda que si se rexistra o verbo «armarizar» na súa forma participial, que é o verbo do que viría «desarmarizar». Con todo, é certo que tanto a forma «desarmarización» como «armarizada» só se rexistran unha vez cada unha. Amais, no verbo «armarizar» atopamos o sufixo verbalizador deadxectivo *-izar* co significado de ‘meter en’.

Logo, entre os sufixos adxectivizadores, rexistramos o sufixo denominal *-ic-* que se une aos termos coa raíz *fobia* para designar algo ou alguén ‘que discrimina a’. Os adxectivos coa forma *-fóbic-* teñen a súa variante coa forma proveniente dunha derivación sen afixos *-fob-*, como ocorre con «LGBTfóbic*»⁵ e «LGBTfob*». Nos tres lemas rexistrados con esta variación, os resultados da variante sufixada son claramente superiores aos resultados con derivación sen afixos e na forma derivada de «bifobia» o único resultado é sufixado.

Os sufixos adxectivizadores restantes son todos de tipo apreciativo: os despectivos *-allo* e *-orra*, nos termos «maricallo» e «lesbianorra», e os aumentativos *-ón* e *-ona*, que tamén engaden un matiz despectivo, en «maricón», «machona» e «zapatona». No caso destes dous últimos adxectivos, a súa formación non é a propia dun sufixo apreciativo, como si o é nos outros casos, xa que *-ona* se engade aquí a substantivos para crear adxectivos femininos —aínda que se rexistren tamén nominalizados— para se referiren despectivamente ás mulleres masculinas; sofren por tanto unha transcategorización, algo que é impropio dos apreciativos. Realmente,

⁵ Tanto aquí como en posteriores aparicións, o asterisco (*) substitúe o morfema de xénero.

podemos considerar que dita transcategorización non é debida tanto ao sufixo senón a unha mudanza semántica posterior, xa que o termo resultante non é propiamente un aumentativo da raíz.

Cat. Gram.	Sufixo	Significado	Termos
Adx.>subs.	-idade	‘calidade de’	<i>asexualidade, demisexualidade, transexualidade, intersexualidade, endosexualidade, cisheterosexualidade</i>
		‘atracción por’	<i>heterosexualidade, bisexualidade, pansexualidade, homosexualidade</i>
		‘expresión de’	<i>feminidade, masculinidade</i>
	-ada	‘calidade de’	<i>maricallada</i>
	-ismo	‘calidade de’	<i>transmaricabibollismo, non-binarismo</i>
		‘atracción por’	<i>lesbianismo</i>
		‘ideoloxía de’	<i>binarismo [de xénero]</i>
Vb.>subs.	-ismo	‘actividade de’	<i>transformismo, travestismo</i>
	-ción	‘acción de’	<i>desarmarización</i>
Subs.>vb.	-izar	‘meter en’	<i>armarizar</i>
Subs.>adx.	-ic* [-]	‘que provoca’	<i>LGBTfóbic*, homofóbic*, transfóbic*, bifóbic* [LGBTfob*, homófob*, tránsfob*]</i>
	-ona	aumentativo	<i>machona, zapatona</i>
Vb.>adx.	-ista	‘que desempeña a actividade de’	<i>transformista</i>
Adx.>adx.	-ista	‘que apoia a ideoloxía de’	<i>binarista</i>
	-allo	despectivo	<i>maricallo</i>
	-orra		<i>lesbianorra</i>
	-ón	aumentativo	<i>maricón</i>

Táboa 2. Sufixos e significados.

4.2.4. Siglas

Canto ás siglas, debemos diferenciar entre aquelas cuxo significado coincide co significado orixinal das siglas e aquelas cuxa lexicalización chegou ao nivel de sufrir unha mudanza semántica e até gramatical. Nas primeiras estarían o adxectivo «AMX» e os substantivos «MSM» e «HSH», que se corresponden coa frase adxectiva '[persoa] atraída polo mesmo xénero' e as frases substantivas 'muller que ten sexo con mulleres' e 'home que ten sexo con homes', respectivamente.

No segundo grupo estarían os adxectivos «XNC» e «LGBT+». O primeiro provén da frase substantiva 'xénero non conforme' e pasa a ter o significado de '[persoa] que ten unha relación complexa co seu xénero'. Estas siglas son unha tradución literal do termo inglés «*GNC (gender non-conforming)*» (Garrido López / Ferrández Pérez 2023: 84), polo que é posíbel que a transcategorización a adxectivo se producise no inglés e xa nos chegase así á nosa lingua.

O caso das siglas «LGBT+» é un pouco máis complexo. Co seu significado orixinal, sería un adxectivo que modifica substantivos plurais, xa que as «[persoas] LGBT+» serían '[persoas] lesbianas, gays, bisexuais, trans e doutras disidencias sexuais'. Agora ben, cando este termo se usa en singular como «[persoa] LGBT+» non mantén exactamente o seu significado orixinal, porque os adxectivos aos que fan referencia as siglas son incompatíbeis entre si semanticamente: unha persoa non podería ser lesbiana, gay, bisexual e trans ao mesmo tempo, polo que neste uso designa a calquera persoa 'que non sexa cisheterosexual'. Tamén cabe a interpretación de que en singular as siglas representen unha estrutura coordinada disxuntiva: '[persoa] lesbiana, gay, bisexual, trans ou doutra disidencia sexual', en vez da coordinada copulativa que sería en plural. Logo, xa como proba da plena lexicalización destas siglas, adoptan un significado relativo, ao igual que cada termo que as forman por separado como adxectivos. Así, unha frase como «bandeira LGBT+» referiríase á 'bandeira propia das persoas LGBT+」.

Sobre estas siglas tamén cabe resaltar a súa grande variación. Para comezar, as catro primeiras poden aparecer na orde *LGBT* ou *LGTB*. Despois, a estas siglas pódense engadir outras letras como *I*, *A* ou *Q* para representar outras realidades, ou até un símbolo *+* para aludir aquelas persoas que puidesen non verse reflectidas nas letras presentes. Así explican Garrido López e Ferrández Pérez (2023: 77) a variación:

No caso do Estado Español, a Federación Estatal de Asociacións Gais e Lésbicas incluírá as persoas trans a finais dos anos 90, mais non engade as persoas bisexuais ao seu nome até 2007. Por esta razón, mentres que no resto do mundo se tende a xuntar as sexualidades (LGB) e despois a identidade de xénero (T), no Estado Español popularízase a orde LGTB. Na Galiza, Catalunya e Euskal Herria rexéitase

este acrónimo por entenderse unha mostra de bifobia, optando por usar a orde internacional LGBT. Dependendo do caso, poden engadirse outras siglas ao acrónimo para falar de cuestións concretas non recollidas nas catro letras clásicas, como poden ser o I de *intersexual*, o A de *asexual*, o Q para *queer*, ou o + para aglomerar todas as demais identidades disidentes coa norma sexoxenérica.

Polos resultados no noso corpus, podemos ver que a tendencia en galego é a usar a orde *LGBT*, que presenta 429 resultados (alén de que as formas incluídas aquí poidan ter máis letras que esas catro e de que teñan ou non o +), fronte aos 5 resultados da orde *LGTB*, polo que se confirma o rexeitamento que mencionan Garrido e Ferrández. Canto ao resto de letras, dos 434 resultados, 167 conteñen o *I*, 135 conteñen o *Q* e 31 conteñen o *A*. Referido á orde destas, cando o *I* e o *Q* aparecen xuntos adoita ser na orde *IQ*, en 120 dos casos, aínda que tamén aparecen 8 casos da orde *QI*, e o *A* aparece unicamente na forma «LGBTIQA+». Finalmente, o símbolo + aparece en 240 dos 429 resultados.

4.2.5. Compostos

Como vemos na Táboa 3, clasificamos os termos compostos rexistrados en *ortográficos*, aqueles que constitúen unha única palabra ortográfica, e *sintagmáticos*, aqueles que se corresponden con máis dunha palabra ortográfica.

Dentro dos compostos ortográficos, vemos que non rexistramos ningún formado por dúas bases plenas, senón que o primeiro elemento son unhas siglas ou un acurtamento. Cunhas siglas como elemento compositivo, o único termo rexistrado é LGBTfobia. Alén da variación nas siglas que xa comentamos e que resulta neste composto nas variantes minoritarias «LGBTifobia» e «LGBTIQfobia», rexistramos outra variante minoritaria, cun único resultado, escrita en minúsculas: «lgbtfobia». Tamén o adxectivo «LGBTfóbic*», que deriva deste composto, presenta dous resultados en minúsculas.

Canto aos ortográficos nos que o primeiro elemento é un acurtamento, vemos que este coincide en forma co prefixo da palabra da que provén, como xa dixemos. Aos acurtamentos dos adxectivos «bi[sexual]», «homo[sexual]», «hetero[sexual]», «trans[xénero]» e «cis[xénero]», xa explicadas, habería que engadir tamén o de «lesbo», do adxectivo «lesbiana», que aparece no substantivo composto «lesbofobia».

Sobre os termos que se forman co lexema «norma» como segundo elemento compositivo, observamos unha alternancia entre a forma «norma» e a forma «normatividade», aínda que co mesmo significado. Nesta alternancia, tanto ao se unir a «cis» como a «hetero», ou até ao conxunto de ambas as formas «cishetero», rexístranse máis resultados da forma con «norma» que con «normatividade».

En cambio, tanto con «homo» como con «cishomo» unicamente se rexistra con «normatividade». En todo caso, os resultados de calquera destes termos son entre un e seis en todo o corpus, polo que non se poden extraer grandes conclusións.

Logo, en canto aos compostos sintagmáticos rexistrados, vemos que a maioría son frases substantivas formadas por un substantivo e o seu modificador. Entre estes modificadores destacan, por frecuencia, o adxectivo «sexual» e a frase prepositiva «de xénero», como vemos na táboa, que actúan de forma que restrinxen o significado de termos da lingua común como «expresión» ou «disidencia» ao asocialos ao *sexo* ou o *xénero*, conceptos básicos da terminoloxía LGTB+, e fan que formen parte desta terminoloxía. No caso do substantivo «atracción», este rexistrouse xunto cos adxectivos «sexual», «sensual» e «romántica». Os tres compostos resultantes pódense considerar os hipónimos do termo «atracción».

E para rematar cos compostos, temos o composto «non binari*», que, ao contrario que o resto, é adxectivo e fórmase cun adxectivo e un adverbio en posición inicial que o modifica. A forma «non binari*» rexístrase á par da variante «non-binari*», o cal, aínda que teña menos resultados, dá conta do alto grao de fixación. Ademais, este adxectivo deu o derivado «non-binarismo», que só se rexistra co guión, proba tamén da súa fixeza gramatical.

Tipo	Categ. gram.	Termos
Compostos ortográficos	subs. (siglas) + subs.	<i>LGBTfobia</i>
	adx. (acurtado) + subs.	<i>bifobia, homofobia, lesbofobia, transfobia, (cis)heteronorma(tividade), (cis)heteropatriarcado, heterocentrismo, (cis)homonormatividade, cisnorma(tividade)</i>
Compostos sintagmáticos	subs. + adx.	<i>orientación sexual, disidencia sexual, disidente sexual, diversidade sexual, atracción sexual, atracción sensual, atracción romántica, xénero asignado, sexo asignado</i>
	subs. + fr. prep.	<i>binarismo de xénero, binomio de xénero, asignación de xénero, autodeterminación de xénero, disforia de xénero, expresión de xénero</i>
	adv. + adx.	<i>non binari*</i>

Táboa 3. Clasificación dos compostos.

4.2.6. Locucións

As locucións seméllanse aos compostos sintagmáticos a nivel formal, pero, ao contrario ca estes, as locucións son combinacións fixas de unidades léxicas cuxo significado non se corresponde coa suma dos significados dos seus compoñentes, polo que non se pode descompor sintacticamente.

Isto é o que acontece coas locucións nominais «capitalismo rosa» e «identidade de xénero». Estes termos funcionan como unha única palabra tanto a nivel gramatical como semántico, xa que a súa fixeza é tal que sería imposíbel introducirlles un modificador no medio ou cambiar algún membro por un sinónimo sen alterarmos o seu significado e que, polo tanto, os seus significados non se corresponden coa suma dos significados dos seus compoñentes.

4.3. Préstamos

Para este apartado, tomarase como referencia o dicionario de Collins (2024) para o inglés, o dicionario da Académie française (2023) para o francés e os dicionarios mencionados na metodoloxía para o español e o portugués.

Como podía ser esperábel, a maioría dos préstamos presentes son anglicismos. Destes, un está incluído no propio dicionario da RAG (González González 2012), que é o adxectivo «gay», xunto coa variante adaptada «gai», tamén rexistrada no corpus, o que dá conta do integrada que está esta palabra na lingua común. Este termo sufriu unha especialización semántica ao pasar do inglés ao galego, xa que en inglés significa 'homosexual' mais en galego refírese unicamente a 'home homosexual'.

Tamén no eido da *homosexualidade*, atopamos outro anglicismo que forma un par antonímico cun galicismo, e que designan os dous tipos de *lesbianas*: «butch» e «femme». O termo «butch», que orixinalmente en inglés é un insulto que poderíamos traducir como «marimacho» ou «machona», chega ao galego como un adxectivo desprovisto do seu matiz despectivo ao se perder ese significado cultural por ser un préstamo. Canto a «femme», que designa o oposto, é dicir, unha lesbiana máis feminina, e cuxo significado orixinal en francés é 'muller', non se rexistra unha tradución ao galego, polo menos no noso corpus.

Logo, no eido da *transición*, atopamos os termos provenientes tamén do inglés «deadname» e «misgendering», que significarían literalmente 'nome morto' e 'xenerización equivocada'. O termo «deadname» ten como posíbeis traducións «necrónimo» ou «cisnome» (@emgalego 2021), aínda que ningunha destas formas está constatada no corpus. Por último, o termo «misgendering» podería ser traducido

como «malxenerizar», tal como o usa Míguez Bóveda (2021), aínda que tampouco se rexistra ningunha tradución para este termo no noso corpus.

No eido da *arte*, dentro do campo da *expresión de xénero*, atopamos outros tres anglicismos, dous dos cales, «drag king» e «drag queen» son hipónimos do outro, «drag». Aínda que os substantivos *king* e *queen* teñen a súa tradución en galego como *rei* e *raíña*, non se constata ningunha posíbel tradución dos termos compostos referidos, así como tampouco do hiperónimo, nin no corpus nin noutros textos. Sobre o termo «drag» debemos sinalar ademais que sufriu unha especialización semántica ao ser introducido no galego, xa que en inglés este termo significa ‘travestí’, polo que non se fai a diferenza a nivel lingüístico entre «travestí» e «drag» que si se fai na nosa lingua, na que «drag» só se refire á ‘arte’.

No campo semántico da *sociedade* rexistramos outros tres anglicismos dos que tampouco figura unha tradución en galego: «passing», «pinkwashing» e «LGBTfriendly», aínda que poderíamos forzar unhas traducións literais como *pasaxe*, *lavado rosa* e *LGBTamigábel*.

E entre os anglicismos atopamos ademais o termo que serve como hiperónimo para todas as *disidencias sexuais*, sinónimo das propias siglas «LGBT+», que é «queer». Este termo en inglés é un insulto reapropiado, aínda que, ao igual que ocurría con «butch», perde o seu carácter de insulto ao ser empregado en galego. Agora ben, para este termo si atopamos unha tradución. Regueira (2020) propón o termo «maronda», para o cal se apoia en que é tradicionalmente un insulto que, polos seus diversos significados tanto en feminino como en masculino —entre os que destaca o de ‘estéril’—, podería servir para facer referencia a todas as persoas LGTB+ como un insulto reapropiado, outorgándolle até o carácter revolucionario que ten o termo en inglés. Ademais, deste termo figura tamén a variante minoritaria con adaptación ortográfica «cuir».

Alén do galicismo xa nomeado «femme», apuntamos tamén o termo proveniente do francés «demisexual». Este termo componse do prefixo *demi-*, que significa ‘metade’ e que é alleo á morfoloxía do galego —xa que realmente é un prefixo propio do francés—, grazas ao cal sabemos que este termo, aínda que pareza unha palabra galega prefixada ao igual que «asexual» ou «bisexual», realmente provén do termo francés «demisexual».

Para rematar cos préstamos, debemos falar dos castelanismos e os lusismos presentes. Estes aparecen todos no campo semántico dos *insultos*. No caso dos insultos contra *aquíleos*, os termos doutras linguas son minoritarios nos resultados, xa que os máis rexistrados, con diferenza, son «marica» e «maricón». Iso si, estes dous termos, aínda que plenamente galegos, son coincidentes co castelán, o que pode

favorecer que non se perdan. Nestes insultos, aparece o castelanismo «mariquita», con dous resultados, que non deixa de ser un derivado de «marica» cun sufixo apreciativo castelán.

Pola contra, nos insultos contra *sáficas*, un dos termos máis empregados é un castelanismo: «bollera». Este termo, cunha raíz e un sufixo claramente alleos á morfoloxía galega, forma parte do nome dalgún colectivo LGBT+ histórico galego como Bolleras Galegas ou Maribolheras Precárias (Ferrández Pérez 2022), e até se utiliza hoxe nas manifestacións LGBT+ na Galiza como vemos nas fotos da web de Avante LGBT+ (2024), polo que é un castelanismo pleno moi integrado en galego. Con todo, hai quen usa algún outro insulto tradicional galego para definirse en vez de empregar *bollera*, como é o caso de «zapatona» por parte de Jelen Superstar (Olaxonmario 2022), tamén rexistrado no noso corpus. Tamén anotamos neste eido o castelanismo «tortillera», aínda que con menos resultados.

O castelanismo restante que figura é «manflorito». A única referencia a este termo témola no conto «O manflorito e a lúa», recollido por Carlos Callón, o cal explica que está «amplamente dicionarizado em espanhol como *manflorita*» e que «provavelmente deriva de *hermafrodita*» (Amarelo 2020: 232). De feito, vemos nese conto que se refire a unha persoa cunha aparencia andróxina: «era manflorito, umas vezes homem e outras mulher» (ídem: 238).

Por último, referido aos lusismos, a pesar de estaren tamén no campo dos *insultos*, merecen un tratamento á parte. Os tres termos que podemos considerar lusismos son «bicha» e «paneiro», referidos a *aquíleos*, e «fufa», referido a *sáficas*. Calquera dos tres só se rexistran en Amarelo (2020), o único libro do corpus que ten unha orientación reintegracionista, non só a nivel ortográfico, senón tamén nalgunhas escollas léxicas. Isto pode verse na cita que se fai de Samantha Hudson, unha artista que se expresa en castelán, na p. 113: «sou paneiro», o cal probabelmente sexa unha tradución do castelán «soy maricón», procurando no portugués un termo para ese «maricón», a pesar de estar este nos dicionarios galegos de referencia. O mesmo fenómeno vemos na p. 76, na que aparece directamente «“marica” (bicha)», como se o termo «marica» non for galego e precisase de tradución. Ademais, ningún dos tres termos referidos se constatan noutros textos galegos fóra xa do noso corpus, o cal nos fai pensar que sexan escollas do editor en prol dun achegamento ao portugués e afastamento do castelán, excluindo até para iso formas propias converxentes co castelán.

4.4. Mudanza semántica

Coma en calquera lingua de especialización, constatamos termos que son empregados cun significado diferente ao que ten na lingua común porque restrinxiron o seu significado neste contexto ao absorberen un complemento. Sería este o seguinte paso do proceso que se describiu para as expresións que se formaban cos modificadores «sexual» ou «de xénero».

Desta forma, un substantivo como «transición» aparece rexistrado co significado de ‘transición de xénero’, polo que absorbe o modificador «de xénero» cando está inserido no discurso LGTB+.

O mesmo ocorre co verbo «transicionar», que na lingua común sería ‘pasar dun estado a outro’ e no discurso LGTB+ ese ‘estado’ é concretamente o ‘xénero’. E da mesma forma, figuran tamén os termos «binari* [en canto ao xénero]», «aliad* [da loita polos dereitos LGTB+]», «colectivo [LGBT+]» e «Orgullo [LGBT+]», nos que o substantivo absorbeu o modificador indicado entre corchetes.

Alén destes termos, rexistramos outros cuxa mudanza semántica non se debe a unha especialización, senón a un proceso metafórico. Para comezar, teriamos dentro destes o par antonímico «activo/pasivo». O significado que adquiren proviría dunha presuposición inicial de que as persoas que penetran serían máis *activas* nas relacións sexuais que as persoas que son penetradas, que serían máis *pasivas*. Isto pasaría a designar a preferencia sexual dos homes que teñen sexo con outros homes, distinguindo entre *activos* e *pasivos*.

No resto de procesos metafóricos atopamos unha relación de semellanza entre o significado orixinal e o adquirido. No caso de «oso», este termo pasa a designar un gay que se parece a ese animal. Logo, nos termos «ovo», «pluma», «armario», o proceso non é dunha semellanza tan obvia, xa que se refiren ben a un ‘estado’, no caso de «ovo» e «armario», ben a unha ‘característica’, no caso de «pluma».

En «ovo» establécese unha comparación entre a ave que aínda non naceu e a persoa trans que aínda non se autopercibe como trans e en «armario» concíbese o estado de quen non mostra a súa identidade ou orientación sexual como se esta estivese gardada nese móbel. En «pluma» non está clara a orixe da metáfora. Aínda que nalgúns artigos existentes por internet, como o de Togayther (2016), podemos ver algunhas teorías, o que si vemos é que dunha forma ou doutra se asocia este elemento coa feminidade.

5. Proposta de dicionario

5.1. Macroestrutura

O dicionario que propomos será un dicionario electrónico, coa pretensión de ser gratuíto e en liña, e permitirá tanto unha procura semasiolóxica como onomasiolóxica. Por un lado, será semasiolóxica porque terá un cadro de busca no que se poderá procurar a partir do significante. Por outro lado, tamén disporá dunha procura manual a través dun esquema baseado na árbore de campo que incluímos no Apéndice 1, o que permitirá premer en cada campo semántico dun menú despregable para que se abran os diferentes subcampos.

Esta procura será entón onomasiolóxica, xa que desta forma poderase ir desde a idea até o termo concreto, do significado ao significante.

5.1.1. Lematización

Serán obxecto de entrada todos os termos seleccionados conforme se explicou anteriormente e que se incorporaron á base de datos. Tamén se consideran obxecto de entrada as expresións pluriverbais, ao contrario da práctica habitual na lexicografía, que se adoitan considerar subentradas (Porto Dapena 2002: 174-175). Este criterio vén dado polo propio carácter do dicionario: ao ser terminolóxico temos expresións cuxas palabras que as conforman non se rexistran como termos, senón que é unicamente a expresión no seu conxunto a que é un termo deste ámbito, como ocorre con «capitalismo rosa».

Ademais, hai oito termos que serán obxecto de entrada que non se rexistran no corpus estudado. Estes termos inclúense con ánimo de completar os campos analizados. En todos os adxectivos do campo das *atraccións* ou das *orientacións sexuais* formados coa raíz «sexual» teñen á par un substantivo que deriva del; por exemplo, «bisexual-bisexualidade». Mais no caso do substantivo «demisexualidade», non se rexistra o adxectivo do que provén: «demisexual». Xa que podemos crear a entrada deste adxectivo por analoxía cos outros de composición semellante e si se rexistra o substantivo, lematizamos «demisexual». Algo semellante, aínda que con outras composicións, ocorre cos outros sete casos.

5.1.2. Variación

Dos 154 termos rexistrados, 24 teñen variantes, polo que explicaremos a continuación como escollemos a variante que nos serviu como lema. Con todo, todas as variantes aparecerán reflectidas no artigo lexicográfico da entrada correspondente

e poderase facer a busca tamén por estas formas, que remitirá ao seu lema. En xeral, séguese o criterio da variante maioritaria en número de resultados, aínda que non sempre; veremos máis adiante o porqué. Cómpre diferenciarmos as variantes léxicas e os acurtamentos das variantes ortográficas.

Para comezar, canto ás variantes léxicas, temos termos nos que hai algunha variación na súa composición morfolóxica sen que esta altere o significado. Este é o caso do termo «heteronorma» e a súa variante «heteronormatividade», «heterocentrista» e «heterocéntrico», «homofóbica» e «homófoba», ou «lesbiana» e «lésbica», ao igual que outros de similar composición. En todos estes, escolleuse como lema a variante maioritaria.

Tamén estarían neste grupo os termos «transición» e «transicionar», aínda que neste caso non se seguiu o mesmo criterio, pois escolleuse como lema a variante minoritaria, en vez de «tránsito» e «transitar», que serían as maioritarias. Seguiuse máis ben un criterio de coherencia semántica, xa que o significado básico da palabra «transición» no galego común cadra mellor co significado que aquí presenta que o de «tránsito» (González González 2012) —tendo en conta ademais que a diferenza nos resultados das variantes en ambos os casos é pequena. No caso de «transicionar», vemos que o seu significado se corresponde con ‘facer unha transición’, polo que semanticamente deriva o verbo do substantivo; así que se escolleu a forma verbal que deriva do substantivo a nivel morfolóxico tamén. Ademais, dos dicionarios consultados, o único no que aparecen estes dous termos é no da Porto Editora (2024), coas formas «transição» e «transicionar».

Logo, no caso das formas acurtadas, como vimos, na maioría dos casos a variante maioritaria, con diferenza, é a forma plena, como ocorre con «bisexual» ou «heterosexual». Mais, como xa explicamos, hai un acurtamento claramente máis usado que a súa forma plena: «trans», polo que esta será o lema. Tamén se escolle a forma acurtada «cis» como lema deste termo, aínda que no seu caso a diferenza coa plena é moi pequena, por coherencia léxica con «trans», ao seren antónimos.

Para seguir, temos a variación ortográfica. Neste tipo de variación só temos tres casos: «non binari*/non-binari*», «queer/cuir» e «gay/gai». Nos dous primeiros seguiu o criterio de escoller a variante maioritaria, polo que ficaron como lemas as formas «non binari*» e «queer». Mais no caso de «gay», escolleuse esta forma como lema a pesar de mostrar menos resultados que a forma adaptada porque, dado que non consta que houbo unha adaptación fonética ao adoptar este termo en galego e a súa pronuncia segue a ser a orixinal [gei], consideramos que é mellor conservar a ortografía orixinal ca facer unha semiadaptación.

5.1.3. Flexión de xénero

Os lemas que teñan flexión de xénero aparecerán sistematicamente na súa forma completa, non só en feminino e masculino, senón tamén en neutro. Dado que na propia terminoloxía estudada se reconece a existencia das persoas non binarias, non tería sentido non incluír o xénero gramatical neutro, por coherencia. Ademais, seguindo a Míguez Bóveda e López (2023), pode usarse, alén de para facer referencia específica a persoas que queiran ser tratadas con este xénero, para un grupo mixto de persoas, como xenérico, polo que calquera palabra con flexión de xénero que teña referente semántico humano terá unha flexión de tres xéneros. Para establecer unha forma neutra nos termos con flexión de xénero seguirase o modelo proposto por Míguez Bóveda e López (2023).

Da mesma forma, aqueles termos con flexión de xénero que non teñan referente humano no significado no que son flexivos, non presentarán o neutro, que é o caso de «lesbian*» e «binari*».

Canto á súa ordenación na entrada, aínda que tradicionalmente cando aparecía a flexión de xénero aparecía primeiro o masculino e logo o feminino (por exemplo, González González 2012 ou RAE/ASALE 2024), tomaremos como referencia o dicionario de Della Valle e Patota (2022), no cal figura antes o feminino ca o masculino na entrada «bella, bello», pero aparece antes o masculino na entrada «lettore, lettrice», conforme a orde alfabética. Desta forma, no noso dicionario aparecerá, por exemplo, o lema na orde feminino-masculino-neutro na entrada «bifóbica, bifóbico, bifóbique», pero na orde feminino-neutro-masculino na entrada «andróxina, andróxine, andróxino». Ademais, para evitar posíbeis confusións, sinalaremos ao lado de cada forma coas letras *f*, *n* e *m* se se corresponden co xénero gramatical feminino, neutro ou masculino, respectivamente.

5.2. Microestrutura

A microestrutura do noso dicionario estará tamén apoiada na base de datos, aínda que con algunhas puntualizacións. Cada rexistro desta base correspóndese cun artigo lexicográfico, ao que se trasladan case todos os campos que nel aparecen. Non aparecerán os de «Id», «Campo» nin «Resultados», que si aparecerían na base de datos, xa que estes campos son só ferramentas para o traballo terminolóxico previo.

No caso de «Campo», ademais, esta información aparecerá na árbore de campo (Apéndice 1), que é parte da macroestrutura, polo que non se repetirá a información no interior do artigo lexicográfico.

Como se mostra no exemplo da entrada «trans» (Figura 1), o artigo lexicográfico irá encabezado polo lema, cun formato resaltado como pode ser a letra grosa, logo debaixo, entre parénteses teremos a procedencia e, a continuación, as diferentes acepcións.

Debaixo de cada definición irá o exemplo correspondente que fomos recollendo na base de datos. Despois das acepcións poranse as variantes, de habelas. Para rematar, no final do artigo, poranse as observacións que rexistramos na base de datos no campo «Notas».

trans

(acurtamento de *transxénero*: [*trans* ('do outro lado') + *xénero*])

1. *adx.* [Persoa] que non se identifica co xénero que lle foi atribuído ao nacer.
Xa non só falando no caso de crear vínculos era difícil, senón que inda por riba, había esta xente que non «entendían o concepto» de ser unha persoa trans, e aínda sabéndoo, facerme «misgendering». (Marey et al. 2023: 98)
2. *adx.* Propio das persoas *trans* ou relativo a elas.
Entre finais dos 90 co debate en Galiza da primeira proposta de dereitos trans e o 2017, cando se presenta a debate no Parlamento o borrador da lei trans galega, moitos outros colectivos xurdiran, extinguíranse ou permaneceran no país desenvolvendo un activismo centrado no paraugas LGBT. (Ferrández 2022: 197)
3. *subs. m.* Condición de quen non se identifica co xénero que lle foi atribuído ao nacer.
Entendemos que as muxé zapotecas ou os two-spirits amerindios non poden ser entendidas baixo os prismas occidentais do trans, mais representan a posibilidade de habitar o mundo de diferentes xeitos alén do espectro binario que nos goberna. (Ferrández 2022: 15)

Variante: *transxénero* (acepcións 1 e 2)

Nota: Recoméndase o uso deste termo nas acepcións 1 e 2 no lugar de *transexual* e na acepción 3 no lugar de *transexualidade* por seren ambos patoloxizantes.

Figura 1: Exemplo de artigo lexicográfico.

5.2.1. Definicións

Todas as definicións foron feitas intentando seguir os principios da definición lexicográfica expostos por Porto Dapena (2002: 266-296). Para comezar, o termo definido e a definición, alén dos principios máis obvios, terán sempre unha identidade categorial semellante. Por exemplo, un substantivo só se definirá mediante unha frase nominal ou unha cláusula subordinada substantiva, e o mesmo con calquera outra categoría gramatical. Logo, todas as definicións serán precisas e incluírán todos os semas do termo, para cumprir o principio de análise. E xa de último, prestarase atención especial ao principio da transparencia, pois ao tratarse dun dicionario terminolóxico dirixido a un público xeral, a linguaxe utilizada nas definicións deberá ser accesíbel para alguén non especialista no tema.

Ademais, marcarase o contorno naqueles casos nos que for preciso mediante corchetes. Isto leva tamén a que nos casos de adxectivos nominalizados, o que aparece entre corchetes deba ser lido como parte da definición ou non dependendo de se é empregado como adxectivo ou como substantivo. Así, na primeira acepción de «gay»: «[Home] que sente atracción por homes mais non por mulleres», o substantivo «home» será parte da definición se «gay» actúa como substantivo, pero non se é adxectivo.

Canto á orixe das definicións, debemos sinalar que todos os significados rexistrados foron extraídos dos exemplos atopados no corpus. Isto implica que non se incluíu ningún significado do que non se rexistrara ningún exemplo, a pesar de que nos dicionarios consultados si se rexistre ese significado para ese termo. Finalmente, sobre os enunciados das definicións en si, a maioría é de elaboración propia. Pártese dos propios exemplos e dos dicionarios consultados, aínda que algunha definición está tirada directamente dalgún dicionario ou glosario. Neses casos, márcase entre parénteses a fonte da que se extraeu.

5.2.2. Citas

En coherencia co expresado nas definicións, toda acepción irá acompañada dun exemplo que será sempre unha cita literal do corpus. Este exemplo figurará na base de datos no campo «Citas» numerado segundo a acepción á que corresponda, de ter máis dunha acepción o termo, e coa fonte sinalada no final do enunciado entre parénteses.

No caso de o termo presentar variantes, todos os exemplos escollidos serán coa variante que se elixise como lema. E no caso de o termo presentar poucos resultados, todos eles seren no mesmo enunciado e ese enunciado fose escollido como definición, o campo «Citas» ficará baleiro porque a propia definición será unha cita e non temos

outro rexistro para pór debaixo desa acepción. Ademais, terase en conta á hora de escoller os exemplos de uso que estes completen dalgunha forma a información dada na definición, se for posíbel.

5.2.3. *Marcación gramatical*

Na base de datos márcase no campo «Gramática» a categoría gramatical do termo. Así mesmo, tamén se marca ao inicio de cada acepción, no caso de haber varias e que non coincida a categoría gramatical en todas. Esta marca será trasladada ao inicio de cada acepción no diccionario, tal como se ve no exemplo de «trans», tamén no caso de ter o termo unha única acepción.

Ao igual que coas definicións, só se porá a categoría gramatical que rexistremos, polo que, por exemplo, se un adxectivo aparece tamén como substantivo nos dicionarios consultados pero no noso corpus só está como adxectivo, só figurará como adxectivo. E no caso de adxectivos e substantivos que non teñan unha marca de xénero gramatical, entenderase que é posíbel usalo con todos os xéneros: feminino, masculino e neutro se o significado tiver referente humano e só feminino e masculino se non for humano, como xa explicamos no apartado da «Flexión de xénero».

5.2.4. *Marcación de uso*

Nos termos do campo semántico dos *insultos* inclúese unha marca de uso entre parénteses entre a marca gramatical e a definición. Aínda que o feito de seren insultos xa aparecerá reflectido na árbore de campo, vese preciso engadir esta información na microestrutura do diccionario para diferenciar entre aqueles que se usan exclusivamente como insultos, que levarán a marca «insulto», e aqueles que, alén de se usaren como tal, tamén se usan como identitarios por parte das persoas ás que irá dirixido ese insulto, que levarán a marca «insulto reapropiado».

5.2.5. *Notas*

A información que aparece na base de datos no campo «Notas» será trasladada ao diccionario dependendo da súa natureza. Aquelas notas que se refiran ao proceso de elaboración deste traballo como a razón pola que se lematizou «cisexista» ou o motivo por escoller a variante «gay» como lema non aparecerán no diccionario. Si aparecerán as que acheguen información sobre o uso do termo ou engadan algún outro tipo de información non contida nin nas definicións nin nas citas, como ocorre coas notas de «trans» e «armario».

6. Conclusións

Logo dun traballo de análise terminolóxica a partir da extracción léxica dun corpus especializado en materia LGBT+, puidemos sentar as bases lexicográficas para elaborar un dicionario LGBT+ galego. Todo o traballo foi orientado a un dicionario electrónico que describa o léxico especializado desta área en lingua galega e que sexa accesíbel para un público xeral, sobre todo en canto á linguaxe empregada.

Do traballo terminolóxico podemos destacar como unha maneira de formar novas palabras recorrente neste ámbito de especialidade o uso de prefixos como formas acurtadas do termo prefixado —por exemplo, «bi» co significado de «bisexual»—, que pasan a ser bases sobre as que se forman novos termos compostos —por exemplo, «bifobia»—. Tamén cabe destacar a elevada presenza de préstamos, moi especialmente do inglés, aínda que tamén resaltan os préstamos do castelán, sobre todo no campo dos *insultos*, o cal responde á situación diglósica na que se atopa a nosa lingua con respecto ao castelán.

Logo, houbo algúns problemas que deberemos ter en conta para futuros traballos que deriven deste. Para comezar, deberemos explorar mellor as relacións que se establecen entre os termos; por exemplo, a relación que poida existir entre «heterosexismo» e «homofobia» ou entre «sáfica» e «lesbiana», xa que polas características da árbore de campo que construímos é difícil reflectilas.

Para seguir, outro dos problemas que nos atopamos é á hora de definir. Tendo en conta a existencia das persoas non binarias, isto implica non só unha ruptura no sistema de xénero establecido, senón tamén unha ruptura nas etiquetas tanto das identidades de xénero como das orientacións sexuais, o cal nos leva a un problema á hora de definir estas etiquetas. As orientacións sexuais foron finalmente definidas desde un punto de vista binario, dados os datos dos que dispoñiamos, aínda que isto deberá ser revisado a través dun traballo máis exhaustivo que comprobe se o non-binarismo implica novos significados para algúns termos establecidos.

Nun futuro, deberemos ampliar o corpus, para así explicar mellor esta terminoloxía mediante a recompilación de máis termos e de máis exemplos dos xa recollidos. Tamén se deberá ampliar o encadramento teórico e explorar máis a Teoría Comunicativa da Terminoloxía para unha mellor aplicación ao noso traballo.


Referencias bibliográficas


- Académie française (2023): *Dictionnaire de l'Académie française*. Paris: Académie française. Dispoñible en: <http://www.dictionnaire-academie.fr/>. [Consultado o 17/02/2024]
- Alonso Estraviz, Isaac/Carlos Durão/Jorge Madeira Mendes (dir.) (s.d.): *Dicionário Estraviz*. Dispoñible en: <https://www.estraviz.org/>. [Consultado o 17/02/2024]
- Álvarez, Rosario/Xosé Xove (2002): *Gramática da lingua galega*. Vigo: Editorial Galaxia.
- Amarelo, Daniel (coord.) (2020): *Nós, xs inadaptadxs. Representações, desejos e histórias LGBTIQ na Galiza*. Santiago de Compostela: Através Editora.
- Avante LGBTQ+ (2024): *Inicio*. Dispoñible en: <https://avantelgbt.com/>. [Consultado o 17/02/2024]
- Breu, Marta (2024): *Dicionari LGBT (lèsbic, gai, bisexual, trans)*. Barcelona: TERMCAT, Centre de Terminologia. Dispoñible en: <https://www.termcat.cat/ca/diccionaris-en-linia/256>. [Consultado o 17/02/2024]
- Butler, Judith (2007): *El género en disputa: El feminismo y la subversión de la identidad* (María Antonia Muñoz, trad.). Barcelona: Espasa Libros.
- Cabré, María Teresa (1999): La terminología: Representación y comunicación. Elementos para una teoría de base comunicativa y otros artículos. Barcelona: Institut Universitari de Lingüística Aplicada (IULA).
- Collins. (2024): *Collins Online Dictionary | Definitions, Thesaurus and Translations*. Dispoñible en: <https://www.collinsdictionary.com/>. [Consultado o 17/02/2024]
- Della Valle, Valeria / Giuseppe Patota (eds.) (2022): *Dizionario dell'italiano Treccani: Parole da leggere*. Roma: Istituto della Enciclopedia italiana fondata da Giovanni Treccani.
- @emgalego (AGAL's version) [@emgalego] (28/12/2021): @calqueraun Para "deadname" (nom *deathname) nom temos ainda uma proposta clara na nossa língua. O mais usado é o anglicismo DEADNAME. Temos visto proposto NECRÓNIMO (aínda que o termo trouxo polémica) e CISNOME, mas com pouco éxito polo momento. [Tweet]. X (Twitter). Dispoñible en: <https://twitter.com/emgalego/status/1475779822563602437>
- Ferrández Pérez, Daniela (2022): *A defunción dos sexos. Disidentes sexuais na Galiza contemporánea*. Vigo: Edicións Xerais.
- Freixeiro Mato, Xosé Ramón (2006): *Gramática da lingua galega III: Semántica* (2ª ed.). Vigo: A Nosa Terra.


- Garrido López, Xandre / Daniela Ferrández Pérez (2023): *Aturuxos de liberdade: Historia do movemento LGBT+ organizado na Galiza*. Santiago de Compostela: Fundación Galiza Sempre.
- González González, Manuel (dir.) (2012): *Dicionario da Real Academia Galega*. A Coruña: Real Academia Galega. Disponible en: <https://academia.gal/dicionario>. [Consultado o 17/02/2024]
- Ir Indo Edicións (2013): *DIGALEGO - Dicionario de Galego*. Xunta de Galicia. Disponible en: <https://digalego.xunta.gal/gl/>. [Consultado o 17/02/2024]
- Jorge Rodríguez, Rebeca (2023): «A rebeldía de querer ser eu: Ser unha persoa diversa nun mundo heteropatriarcal», en M. V. Carrera Fernández/N. Blanco Pardo (coord.), *As múltiples cores da vida. Corpos, identidades e orientacións sexuais*. Vigo: Editorial Galaxia, 15–59.
- Marey, Sergio/Mercedes Peón/Miguel Carballo/Eva Outeiro/Atenea García/Gabi Reboredo/Pedro García Louzao/Xela Montero/Sonia Presas (A Piolla)/Rosalía Portos /O Rabelo/Javi Sánchez (Meiga-i)/Diego Salgueiro (2023): *Rural e tradición, un fogar en igualdade. Reflexións, realidades e coplas*. A Coruña: Deputación da Coruña.
- Míguez Bóveda, Carla (2021): «A linguaxe non binaria: Unha proposta a partir da tradución», *Revista Galega de Filoloxía* 22, 65–87. Disponible en: <https://doi.org/10.17979/rgf.2021.22.0.8819>
- Míguez Bóveda, Carla/Ártemis López (2023): «A linguaxe non binaria en galego. Reflexións sobre o seu uso e proposta gramatical», en M. V. Carrera Fernández/N. Blanco Pardo (coord.), *As múltiples cores da vida. Corpos, identidades e orientacións sexuais*. Vigo: Editorial Galaxia, 271–316.
- Olaxonmario [@olaxonmario] (28/03/2022): *A Biercidade con Jelen Superstar—AI, DIOMIO! 02x04* [Vídeo]. YouTube. Disponible en: <https://www.youtube.com/watch?v=ivkAXIMpsTA>
- Pereda, Ferran (2004): *El cancanero: Diccionario pertardo de argot gay, lesbi y trans*. Barcelona: Laertes.
- Porto Dapena, José-Álvaro (2002): *Manual de técnica lexicográfica*. Madrid: Arco/Libros.
- Porto Editora (2024): *Dicionário infopédia da Língua Portuguesa*. Porto: Infopédia. Disponible en: <https://www.infopedia.pt/dicionarios/lingua-portuguesa>. [Consultado o 17/02/2024]
- Priberam Informática (2023): *Dicionário Priberam da Língua Portuguesa*. Lisboa: Priberam. Disponible en: <https://dicionario.priberam.org/>. [Consultado o 17/02/2024]

- Real Academia Española/Asociación de Academias de la Lengua Española (2024): *Diccionario de la lengua española | Edición del Tricentenario*. Real Academia Española. Disponible en: <https://dle.rae.es/>. [Consultado o 17/02/2024]
- Real Academia Galega/Instituto da Lingua Galega (2012): *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* [23ª ed.]. A Coruña: Real Academia Galega. Disponible en: <https://publicacions.academia.gal/index.php/rag/catalog/book/252>
- Regueira, Mario (2020): «Por unha literatura maronda», en D. Amarelo (coord.), *Nós, xs inadaptadxs. Representacións, desexos e historias LGBTIQ na Galiza*. Santiago de Compostela: Através Editora, 245–257.
- Seco, Manuel/Olimpia Andrés/Gabino Ramos (2024): *Diccionario del español actual*. Bilbao: Fundación BBVA. Disponible en: <https://www.fbbva.es/diccionario/>. [Consultado o 17/02/2024]
- Togayther. (01/09/2016). *Términos gay: Tener Pluma*. Togayther. Disponible en: <https://www.togayther.es/noticias/gay-life-style/terminos-gay-tener-pluma/>.

Apéndice 1. Árbore de campo







Apéndice 2. Listaxe de lemas por orde alfabética

activo	cisheteronormativa (f),	heteronormativa (f),
aliada (f), aliade (n),	cisheteronormative (n),	heteronormative (n),
aliado (m)	cisheteronormativo (m)	heteronormativo (m)
AMX	cisheteropatriarcado	heteropatriarcado
andróxina (f), andróxine	cisheteropatriarcal	heteropatriarcal
(n), andróxino (m)	cisheterosexual	heterosexismo
androxinia	cisheterosexualidade	heterosexista
aquíleo	cishomonormativa (f),	heterosexual
armario	cishomonormative (n),	heterosexualidade
armarizada (f), armarizade	cishomonormativo (m)	home
(n), armarizado (m)	cishomonormatividade	homofobia
arromántica (f),	cisnorma	homofóbica (f),
arromántico (m),	cisnormativa (f),	homofóbico (m),
arromántique (n)	cisnormative (n),	homofóbique (n)
asensual	cisnormativo (m)	homonacionalismo
asexual	cispassing	homonacionalista
asexualidade	colectivo	homonormativa (f),
asignación de xénero	deadname	homonormative (n),
atracción	demisexual	homonormativo (m)
atracción romántica	demisexualidade	homonormatividade
atracción sensual	desarmarización	homonormativismo
atracción sexual	desviada (f), desviade (n),	homosexual
autodeterminación de	desviado (m)	homosexualidade
xénero	disforia de xénero	HSH
bicha	disidencia sexual	identidade de xénero
bifobia	disidente sexual	intersexual
bifóbica (f), bifóbico (m),	diversidade sexual	intersexualidade
bifóbique (n)	drag	invertida (f), invertide (n),
binaria (f), binario (m)	drag king	invertido (m)
binarismo de xénero	drag queen	lesbiana (f), lesbiano (m)
binarista	efeminada (f), efeminade	lesbianismo
binomio de xénero	(n), efeminado (m)	lesbianorra
bisexual	endosexual	lesbofobia
bisexualidade	endosexualidade	lesbofóbica (f),
bollera	expresión de xénero	lesbofóbico (m),
butch	feminidade	lesbofóbique (n)
capitalismo rosa	femme	LGBT+
cis	fufa	LGBTfobia
cisexismo	gay	LGBTfóbica (f), LGBTfóbico
cisexista	heterocentrismo	(m), LGBTfóbique (n)
cisheteronorma	heterocentrista	LGBTfriendly
	heteronorma	machona

manflorito	non-binarismo	transfobia
maría-rapaz	Orgullo	transfóbica (f), transfóbico
marica	orientación sexual	(m), transfóbique (n)
maricallada	oso	transformismo
maricallo	ovo	transformista
maricón	paneleiro	transición
marimacho	pansexual	transicionar
mariquita	pansexualidade	trans-mari-bi-fufa
maronda (f), maronde (n), marondo (m)	pasivo	transmaricabibollismo
masculinidade	passing	transmisoxinia
misgendering	pinkwashing	travelo
monosexismo	pluma	travestí
monosexista	queer	travestirse
MSM	sáfica	travestismo
muller	sexo	xénero
mullerengo	sexo asignado	xénero asignado
non binaria (f), non binarie (n), non binario (m)	tortillera	XNC
	trans	zapatona
	transexual	
	transexualidade	